



galicianfilmforum@gmail.com | facebook.com/GalicianFilm | twitter.com/GalicianFF

NOTA DE PRENSA | 9 de maio de 2016

A cuarta edición do Galician Film Forum estará dedicada ao cinema de animación

- ***O Apóstolo* e *Historia cerebro* vanse proxectar gratuitamente o venres 13 de maio no King's College de Londres**
- **Fernando Cortizo, responsable do *Apóstolo*, participará a través de videoconferencia**
- **Borja Santomé, director de *Historia cerebro*, intervirá no coloquio posterior as proxeccións**

O cinema de animación é o fío condutor da nova edición do **Galician Film Forum** (GFF) que terá lugar o vindeiro venres 13 de maio na universidade King's College de Londres [19 h, Strand Room S -2.08, London, WC2R 2LS]. O encontro, que se desenvolverá baixo o título de *Animated edition*, proxectará a longametraxe [O Apóstolo](#), de Fernando Cortizo, que intervendrá a través de videoconferencia, e a curta *Historia cerebro*, de Borja Santomé, que actualmente reside en Londres e participará no coloquio posterior.

Do mesmo xeito que nas edicións previas, as obras proxectaranse en galego con subtítulos en inglés e o encontro celebrarase nas dúas linguas. A entrada é gratuíta pero cómpre reservala con antelación vía [web](#). Toda a información pódese consultar na páxina de Facebook do [evento](#).

O Apóstolo é o froito dun ambicioso proxecto de Artefacto Producións que supuxo cinco anos de traballo e que se materializou na primeira película de animación stop motion de Europa realizada mediante produción estereoscópica. Para facela realidade precisouse da implicación de máis de dous centenaes de profesionais do mundo da animación e o modelado 3D. Ademais, outra das súas peculiaridades radica no novo sistema de rodaxe empregado xa que os actores protagonistas non só lles cederon a súa voz aos personaxes da historia, senón que interpretaron previamente as escenas para inspirar cos seus movementos e expresións reais aos animadores.

Este traballo viuse recompensado con galardóns como o Premio do público no festival de ANNECY 2013, o Primeiro Premio do Festival Expotoons de Buenos Aires ou o Grand Prix do Festival Cinehorizontes de Marsella. Outros recoñecementos foron o Premio Especial do Xurado en Fantasporto, o Premio á Mellor Banda Sonora ou o Premio do Público na Mostra de Lisboa, entre outros.